

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Valdoviño, o d3a dezanove de agosto de dous mil dezaseis, re3nese en primeira convocatoria o Pleno da Corporaci3n para celebrar a sesi3n ordinaria de car3cter mensual, que corresponde neste d3a.

Preside a sesi3n o Sr. Alcalde don Alberto Gonz3lez Fern3ndez, 3 que asisten todos os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana Garc3a L3pez, don Sergio Saavedra Guti3rrez, don Benito Manuel Vega Fern3ndez, dona Jessica Sab3n Fern3ndez (que se incorpora no debate do 2º punto da Orde do D3a), don Alejandro Antonio Garc3a Sousa do PSdeG-PSOE; don Jos3 Antonio Vigo Lago, don Esteban Garc3a Alonso, don Jos3 Antonio Rodr3guez Fern3ndez e dona Mar3a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luis Manuel Beceiro Rodr3guez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos Por Valdoviño (U POR V).

Act3a coma secretaria a titular do Concello, dona Carlota M. Gonz3lez Navarro, asistindo tam3n o interventor accidental don Sen3n Mart3nez Prieto.

O Alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesi3n e entrase a tratar os asuntos contidos na Orde do D3a da convocatoria, adopt3ndose os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.-APROBACI3N, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESI3N ANTERIOR DE DATA 15.07.16.-

O precitado borrador quedou aprobado pola Corporaci3n, en votaci3n ordinaria e por unanimidade dos votantes.

Non votaron o concelleiro Sr. Beceiro Rodr3guez por non ter asistido a esa sesi3n e a concelleira Sra. Sab3n Fern3ndez, non incorporada a3nda 3 sesi3n neste intre da votaci3n.

2º.- APROBACI3N INICIAL DE MODIFICACI3N DE CR3DITO Nº 17/2016, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CR3DITO.-

/Proposta de Alcald3a, que recibiu o informe favorable da comisi3n informativa de Planificaci3n territorial e xesti3n administrativa en data 09.08.16/:

PROPOSTA DO ALCALDE:

“ASUNTO: EXPEDENTE DE MODIFICACI3N DE CR3DITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CR3DITO: N3M. 17/2016 FINANCIADO CON MAIORES

INGRESOS DOS PREVISTOS NOS CONCEPTOS DE INGRESOS/ENDEBEDAMENTO 91100 E CON BAIXAS DE CRÉDITO NOUTRAS APLICACIÓN S.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co núm: 17/2016

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de **242.930,35 €**.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE DOTAR A
011 912 00	Amortización de préstamos concertados con entidades financeiras. Débeda Pública	209.071,83 €
231 227 99	Asistencia Social Primaria. Traballos realizados por outras empresas.	33.858,52 €
TOTAL		242.930,35 €

- Financiamento procedente de maiores ingresos dos previstos/ endebedamento no concepto de ingresos 91100

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
91100	Préstamos entidades sector público	209.071,83 €
TOTAL		209.071,83 €

- Financiamento procedente de baixas noutras aplicacións orzamentarias

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
165 221 00	Subministro eléctrico alumeadado público	33.858,52 €
TOTAL		33.858,52 €

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública, e sempre e cando a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, verifique os cálculos derivados do dato do aforro neto derivado do exercicio 2015.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

En Valdoviño, a 5 de agosto de 2016
O Alcalde, Alberto González Fernández”

O Sr. González Fernández explica que a modificación se fai en parte para incrementar os cartos para destinar a Servizos Sociais e polo tema do PAI. Responde á pregunta que di fixeron os grupos na comisión informativa previa indicando que no SAF hai 67 persoas en atención de dependencia e 11 persoas na listaxe de libre concorrencia. Que coas axudas de Deputación Provincial e coa liberación de horas, incorporanse como usuarias do Servizo 11 persoas máis, 5 con grado 3 e o resto con grado 2 e de que quedan 30 persoas pendentes do servizo con grado 2 baixo e grado 1.

/Neste intre, incorporase á sesión a concelleira Sra. Sabín Fernández/.

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría, prestou a súa aprobación á proposta de Alcaldía transcrita, aprobando inicialmente a modificación de crédito núm. 17/2016.

Votaron a favor todos os/as concelleiros/as (9 votos) agás os/as concelleiros/as do PP que se abstiveron (4 votos).

3º.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS.-

/Proposta de Alcaldía, que recibiu o informe favorable da comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa en data 09.08.16/:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Visto o que se establece no artigo 193 do TRLFL, cuxos tres primeiros puntos procedo a transcribir;

“Liquidación del presupuesto con remanente de tesorería negativo. Remisión a otras Administraciones públicas

1. En caso de liquidación del presupuesto con remanente de tesorería negativo, el Pleno de la corporación o el órgano competente del organismo autónomo, según corresponda, deberán proceder, en la primera sesión que celebren, a la reducción de gastos del nuevo presupuesto por cuantía igual al déficit producido. La expresada reducción sólo podrá revocarse por acuerdo del Pleno, a propuesta del presidente, y previo informe del Interventor, cuando el desarrollo normal del presupuesto y la situación de la tesorería lo consintiesen.

2. Si la reducción de gastos no resultase posible, se podrá acudir al concierto de operación de crédito por su importe, siempre que se den las condiciones señaladas en el artículo 177.5 de esta ley.

3. De no adoptarse ninguna de las medidas previstas en los dos apartados anteriores, el presupuesto del ejercicio siguiente habrá de aprobarse con un superávit inicial de cuantía no inferior al repetido déficit.”

Tendo en conta o dato do Remanente de Tesoureiría para gastos xerais que deriva da liquidación do orzamento do exercicio 2015 que foi aprobado pola resolución de alcaldía nº 69 de data 29.02.2016, que ascende a un importe de 115.469,73 €, procede en cumprimento do dito artigo, entre tanto non se aproba o novo orzamento para o exercicio 2016, declarar non dispoñible crédito polo dito importe, a estes efectos procede declarar non dispoñible crédito polo dito importe, aínda que sexa nunha sesión convocada con posterioridade.

A estos efectos PROPOÑO ao Pleno do concello de Valdoviño a adopción do seguinte acordo,

PRIMEIRO; Acordar a non dispoñibilidade dos seguintes créditos nas seguintes aplicacións orzamentarias;

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE NON DISPOÑIBLE
151 227 99	15.000 €
151 601 09	10.000 €
334 226 09	10.000 €
453 210 00	45.000 €
920 226 04	10.000 €
011 912 00	15.000 €
011 310 00	10.469,73 €

En Valdoviño, a 5 de agosto de 2016
O Alcalde;
Asdo; Alberto González Fernández”

DEBATE

Manifesta o Sr. Alcalde que a situación ven derivada en gran parte da liquidación do 2015; con aproximadamente 125.000 euros en negativo. Que se ten feito plan económico-financeiro, con retencións precisas para cubrir o grado de estabilidade, pero aínda así é preciso compensar a diferenza actual entre 125.000 e 15.000 euros.

O Sr. Ameneiros di que a súa intervención vai ser netamente política, considerando que o grupo de goberno leva un ano de mandato e que houbo tempo de tomar decisións para non ter que chegar a isto.

Que o camping está pechado, que están sen contratar os diversos servizos: alumeado público, edificios, pavillón, sen resolver asuntos coma a débeda de Aquagest, etc..., sen que se fíxese absolutamente nada, polo que anuncia o seu voto en contra.

Di o Sr. González Fernández que asume a crítica dalgunhas cousas pero doutras non, porque veñen derivadas da situación de gobernos anteriores; que eles fixeron contención de gasto e no ano 2015 había douscentos e pico mil de euros que non se podían empregar.

Insiste o Sr. Ameneiros en que un ano de goberno ten que ser abondo para afrontar e resolver diversas situacións.

Intervén o Sr. Beceiro Rodríguez opinando que o grupo de goberno tivo todo este tempo o apoio da oposición e puido atallar esta situación dende o 2015, e que non o fixo, así non se lle cobrou a Aquagest o aluguer (cando na oposición incidían tanto en que había que cobrarlle), non se fixo a concesión do camping, (tanto que tamén falaban disto na oposición), non se fixeron os contratos de servizos...

Xustificase o Sr. Alcalde en que non se puido gastar, que houbo problemas coas altas de auga e co saneamento e que obras feitas hai máis de dez anos non se puxeron a funcionar e que tamén a paralización de expedientes débese aos cambios do persoal do posto de intervención.

Afirma o Sr. Beceiro que os diversos contratos de mantemento puideron ser abordados.

O Sr. Ameneiros di que falou unha chea de veces da multa de 40.000 euros e pregunta cómo está este tema.

Sr. Alcalde.- Creo que en via executiva.

O Sr. Vigo matiza que tamén había saldos de dubidoso cobramento dende anos anteriores ao seu mandato, que o seu grupo contaba que tiñan -segundo figuraba na

intervención- uns 600.000 euros e había realmente soio 100.000 euros, e iso, reitera, por causas anteriores ao seu mandato.

O Sr. Ameneiros afirma que iso é derivado de facer contas ficticias, responsabilidade dos diversos grupos que gobernaron, porque coma ven denunciando hai anos os orzamentos non son reais.

O Sr. Alcalde alude tamén como causa da situación económica ás modificacións da normativa estatal e destaca a conveniencia de contar con presuposto; que existen problemas por limitacións orzamentarias e tamén por tema de competencias, como no caso do PAI (Punto de Atención á Infancia).

Sobor do Punto de Atención á Infancia o Sr. Ameneiros pensa que o BNG tomaría decisións encamiñadas a aapertura, incluso coma modo de reivindicación, porque un Alcalde ten que plantexarse o qué é mellor para o seu concello.

O Sr. Bacorelle Robles, dille ao grupo de goberno que unha cousa é predicar e outra gobernar, que é fácil facer crítica cando estaban na oposición e mostrase dacordo cos concelleiros Sr. Amenerios e Sr. Beceiro en que durante este ano non se resolveu practicamente nada.

O Sr. Vigo considera que quedou todo dito polos grupos da oposición, mostrándose dacordo en que non se resolveron moitos asuntos polo actual grupo de goberno.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría aprobou a proposta de Alcaldía que antecede.

Votos favorables do grupo de goberno: 6 votos.

Abstención do grupo PP: 4 votos.

Votos en contra dos grupos CENVAL, U POR V, BNG: 3 votos.

4º.- MOCIÓN PARA DECLARAR A VALDOVIÑO CONCELLO LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.-

“Sr. Alcalde-Presidente do concello de Valdoviño

A Asociación animalista libera, presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, polo Pleno do concello de Valdoviño do mes de agosto de 2016 a seguinte

MOCIÓN PARA DECLARAR VALDOVIÑO CONCELLO LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS

A cuestión do respecto cara ós animais levou á cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizáis, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativero. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen conductas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obrigarlles a comportarse deste xeito contrario á súa natureza sométense a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadenados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A atureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Cremos que os pequenos e pequenas deste país, a Sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o entorno.

E por iso que propomos:

1. Que o concello de Valdoviño non autorice nen promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.
2. Declarar o concello de Valdoviño concello libre de circos con animais.
3. Que o concello de Valdoviño non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.
4. Notificar este acordo á Xunta de Galicia, aos grupos do Parlamento de Galicia e á Asociación Animalista Libera.

Asdo. PD Alberte Ameneiros Serantes”.

En virtude do artigo 82.3 do ROF, procedese a votar a inclusión deste punto, que non se someteu a previo ditame da comisión informativa, e queda incluído por acordo unánime dos/as concelleiros/as.

Sinala o Sr. Ameneiros que a moción é da Asociación, pero que o BNG está conforme e que noutros concellos xa aprobaron a declaración.

O Sr. Alcalde di non estar dacordo con algúns termos da moción, en concreto coa exposición de motivos, aínda que sí no fin.

O Sr. Beceiro posturase a favor da moción, extensible a facer a declaración para calquera espectáculo con animais.

O Sr. Bacorelle e o Sr. Vigo mostranse a favor da declaración.

O Sr. Saavedra Gutiérrez recalca que está en contra do maltrato animal, pero que non en todos os circos hai maltrato e adianta que él votará en contra.

O Sr. Alcalde propón que se vote a moción, excluindo a exposición de motivos.

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobou o proposto na moción, declarando a Valdoviño concello libre de circos con animais.

Votos favorables de todos os concelleiros, agás do Sr. Saavedra Gutiérrez que se pronunciou en contra.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. RELACIÓN NÚM. 07/2016.-

O Pleno tomou razón dos decretos incluídos na relación nº 7/2016, seguinte:

275	07-07-16	Aprobando bases xerais e específicas e convocatoria para a contratación dun albanel e catro peóns ao abeiro de Subvención da Deputación Provincial (programa de integración laboral, execución obras e servizos mínimos municipais dos concellos de menos de 20.000 habitantes).
276	08-07-16	Resolvendo solicitar á Consellería do Mar ao abeiro de Orde de 24.05.16 subvención para participar nas axudas reguladas nesa Orde, xunto cos clubs deportivos de surf do concello para creación dun Museo do Surf na actual Casa da Cultura. Importe total do investimento: 149.979,50 euros (ano 2016) e 103.273,50 euros (ano 2017).
277	08-07-16	De aprobación de expediente de modificación orzamentaria 15/2016 mediante xeración de crédito. Importe: 389.461,92€.
278	08-07-16	Polo que sea aproba expediente de modificación de crédito nº 16/16 (transferencias de crédito). Importe: 5.248,72€.

279	08-07-16	Acordase ordear pagamento derivado da sentenza firme recaída no PO 102/2013, no importe do principal (128.098,87€), e reformular a solicitude de aprazamento de pago, limitando o defiremento do pago de xuros ata mediados do ano que ven.
280	08-07-16	Aprobación de facturas/xustificantes de gastos contidos nas relacións nºs 1,2,3,4,5,6,7 e 9 así como facturas co nº rexistro contable de fras F/2016/948 e F/2016/974; 100 fras de importe bruto 50.604,2, previo levantamento de reparo en referencia a algún dos gastos concretos. Ordenación de pago de facturas recoñecidas en Xuntas de goberno local pendentes de pagamento.
281	08-07-16	Requerindo á empresa “Viraxes, S.L” documentación previa á adxudicación do contrato do servizo de socorrismo en praias.
282	12-07-16	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación para o día 15 de xullo de 2016.
283	12-07-16	Concedeselle ao empregado público, JJ. P.F. o día 14 de xullo/16 coma de asuntos propios.
284	13-07-16	Resolvendo a remisión ao Xulgado Contencioso-Amdvo de Ferrol do expediente administrativo relativo ao P.O 21/2016, e encomendar a defensa e representación do concello á asesoría xurídica da Deputación Provincial.
285	13-07-16	Acordando autorizar, dispoñer, recoñecer e ordenar o pago de débeda reclamada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, por importe de 32.614,39€.
286	14-07-16	Autorizando a celebración das festas patronais en honor á Virxe do Carme, na parroquia de Valdoviño os días 15 e 16 de xullo de 2016.
287	14-07-16	Convocatoria de sesión extraordinaria de Xunta de goberno local para o 15 de xullo de 2016.
288	14-07-16	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. 83 exptes.- Importe principal: 9.200€; bonificado: 4.600€.
289	15-07-16	Autorizando festas patronais en honor a Santiago Apóstol na parroquia de Lago, os días 24 e 25 de xullo de 2016.
290	18-07-16	Concedeselle ao funcionario R. C.B. o día 20 de xullo de 2016 coma de asuntos propios.
291	18-07-16	De aprobación de cotas (taxas) por prestación do SAF correspondente ao mes de xuño de 2016. Importe total: 5.889,90 euros.
292	18-07-16	De anulación dun expediente sancionador en materia de tráfico. Expediente núm: 7746/2016.
293	19-07-16	Ordeando pagamento do importe que corresponde abonar a AEAT en concepto de IRPF retido no 2º trimestre natural do ano

		2016 (Modelo 111 e 115). Importe: 38.297,16€.
294	19-07-16	Resolvendo o pagamento de asistencias aos membros dos Tribunais de Selección así como ao persoal asesor nas diversas contratacións de técnico deportivo, peóns de limpeza praias e socorristas piscina municipal; conforme as cantidades taxadas por Lei e que figuran no propio decreto.
295	20-07-16	Elevando a definitiva a proposta do Tribunal cualificador da contratación de peóns (Programa Integración Laboral DP0027) e ordeando se efectúe o nomeamento dos propostos.
296	20-07-16	Elevando a definitiva a proposta do Tribunal cualificador dun albanel(Programa Integración Laboral DP0027) e ordeando se efectúe o nomeamento do proposto.
297	20-07-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de 21 de xullo de 2016.
298	21-07-16	Autorizando festas patronais a Santiago Apóstol na parroquia de Pantín os días 23, 24 e 25 de xullo de 2016.
299	22-07-16	Autorizando celebración de Festa Medieval na parroquia de Valdoviño (Avda. dos Areeiros) os días 23, 24 e 25 de xullo/16.
300	27-07-16	Convocatoria sesión ordinaria de Xunta de goberno local de 28 de xullo de 2016.
301	28-07-16	De levantamento de reparo suspensivo a tramitación da aprobación dalgunha das facturas da relación F/2016/10, propostas para aprobar na Xunta do 28.07.16.
302	28-07-16	Polo que se acorda declarar prioritario o programa de Educación familiar e contratar a dona Iria García Martínez coma educadora social para o desenvolvemento do programa de agosto a decembro de 2016, tendo en conta a bolsa de emprego para este posto.
303	28-07-16	Aprobanse retribucións do mes de xullo/16, dos funcionarios por 54.819,69€; do persoal laboral por 20.449,23€ e as retribucións a abonar aos concelleiros neste mes por 3.823,20€.
304	29-07-16	Aprobase a extinción do SAF á usuaria A.N.V. a partir do 1.08.16 por concesión de praza en centro residencial.
305	30-07-16	Delegación especial para celebración do acto de matrimonio civil a prol da concelleira dona Rosa Ana García López no día 30.09.16.
306	02-08-16	Ordeando a promotor a suspensión de obras levadas a cabo no lugar de A Chousa-Valdoviño e acordos derivados.
307	03-08-16	Aprobase a presentación de revisión da solicitude de financiamento para o ano 2016 dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios.
308	03-08-16	Autorización para celebrar a VIII Edición da degustación do

		percebe na parroquia de Meirás os días 6 e 7 de agosto.
309	03-08-16	Autorizando festas patronais en honor á Virxe das Neves os días 5, 6 e 7 de agosto na parroquia de Valdoviño.
310	03-08-16	Autorizando festas patronais en honor a Sta. Filomena os días 5, 6 e 7 de agosto na parroquia de Villarrube.
311	04-08-16	Concedenselle á funcionaria R.G.V. os días 18 e 19 de agosto de 2016 coma de asuntos propios.
312	04-08-16	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. 14 exptes.- Importe principal: 1.960€; bonificado: 980€.
313	05-08-16	Aprobación de reanudación do SAF a usuaria M.I.P. a partir do 16.08.16.

6º.- DAR CONTA DE:

a) Informe de morosidade, segundo trimestre de 2016.

Informe relativo ao cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do concello de Valdoviño, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; datado o 28 de xullo de 2016.

Deúse conta do citado informe e o Pleno tomou razón.

b) Datos do PMP (Período Medio Pago), Segundo trimestre de 2016.

Datos que proveñen da intervención municipal, cun resultado do PMP de 21,86 días e dando conta da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Dada conta dos citados datos, o Pleno tomou razón.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde informa á Corporación de que o pasado 27 de xullo o Concello recibiu escrito de Estudos do Territorio no que comunicaban prazo para alegacións en canto a declaración das praias, prazo que remata no día de mañá, polo que houbo que facer de urxenza informe por parte do arquitecto municipal.

As praias están declaradas todas de carácter natural o que supón limitacións e restricións (así por exemplo os chiringuitos teñen que estar separados 300 m); polo que se fixeron as alegacións respecto á praia do Rio en Meirás proponendo un tramo urbán na zona de A Roda e o resto natural e na zona de A Frouxeira tamén co plantexamento de dous ámbitos, un urbán dende o camping municipal cara a dereita ata o remate da praia en A Saiña e o resto natural. En ámbolos dous casos en base ao que o planeamento municipal en vigor considera esas zonas coma urbáns.

Reproban os concelleiros de CENVAI e do BNG ao grupo de goberno que dende o día 27 ao día de hoxe non se lles comentase isto.

Pregunta o Sr. García Alonso por qué se tomou coma liminte dende o camping e o Sr. Alcalde segue explicando que o deslinde foi posterior ao Plan e que se tratou de xustificar con este razoamento.

O Sr. Alcalde manifesta que se facilitará copia do informe feito aos grupos.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG.-

Comeza o Sr. Ameneiros Serantes criticando o feito que sendo o camping municipal unha instalación que require dun traballo fundamental cará o verán, por supor unha imaxe, un recurso de Valdoviño e que hai que preparar con tempo este goberno municipal fracasou e tratou de esconder o fracaso con desenvolvemento de actividades e con aparcamento de caravanas e pregunta en qué marco normativo se apoiaron para esa decisión, en base a qué se cobrou, qué documento se usou no cobro e por qué persoa se efectuaba o cobramento.

Responde o Sr. Alcalde que non se puido chegar a quitar a concesión, polo que se lle comunicou a Turismo que o espazo do camping se ía usar para caravanas (corríxe o Sr. García Alonso que será para autocaravanas).

Pregunta o Sr. Ameneiros pola contestación de Turismo e indica o Sr. Alcalde que ningunha, dado que non ten que contestar. Que había dúas decisións: ou deixar ese espazo como acampada libre e sen pagar, que suporía unha competencia desleal ou como estacionamento de autocaravanas.

Entende o Sr. Beceiro Rodríguez que iso é un cambio de uso.

Pregunta o Sr. Vigo Lago se ese espazo está equipado para ese uso e responde o Sr. Alcalde de que está e que para o cobro se tomou unha ordenanza municipal do ano 1990.

Pregunta o Sr. Ameneiros se tamén se lles cobra ás tendas de campaña ubicadas na zona e o Sr. Alcalde responde que non.

Sr. Beceiro Rodríguez.- Na prensa saíu que se lles daba 10 días aos ocupantes para desaloxar.

Sr. Alcalde.- En base a informe da secretaría municipal, decidiuse pechar. Despois do aviso trasladase á Policía que acuda a informar á xente de que se teñen que ir, pero algúns se resisten.

Sr. Ameneiros.- ¿Quen cobraba as taxas? ¿Canto se cobraba?

Sr. Alcalde.- Persoal do concello facía as cartas de pago.

Sr. Ameneiros.- É unha ocupación dun espazo; e xa non quero afondar no tema do cobramento. Despois do que se falou en plenos pasados, non son aceptables as excusas, nen este tipo de descontrol. ¿Hai seguro? Si se puxo para autocaravanas, tiña que haber unha persoa do concello, responsable de todo iso.

Sr. Beceiro Rodriguez.- Non valen as excusas, engañouse co uso e non lle dea máis voltas Sr. Alcalde.

Sr. Vigo Lago.- No último pleno dixemos que apoiariamos ao grupo de goberno, pero si se facían as cousas ben e non se pode facer o que se fixo. O Sr. Alcalde dixonos en pleno que non había luz e sí había luz no local da recepción do camping.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Pode ser porque a recepción habilitouse coma oficina de deportes.

Sr. Alcalde.- O que si ten luz é a parte de atrás, porque se puxeron focos para o Punto de Atención á Infancia.

Sr. Ameneiros.- Pido que a xestión do pavillón sexa municipal, o mesmo que levo plantexando para a recollida de lixo, limpeza de edificios municipais e outros servizos.

Sr. Ameneiros Serantes.- Rogo que as sesións plenarias comencen ás dezanove horas.

Sr. Ameneiros.- Lin a declaración sobre o incidente acontecido este día na praia da Frouxeira na Voz de Galicia e creo que Vostede, coma Alcalde, ten que ter prudencia, nun tema que é tan delicado e que supón un perxuízo para este concello.

/O Sr. González Fernández di que se vai facer un receso que dura dende as vinte e dúas horas cinco minutos ás vinte e dúas horas e trece minutos/.

INTERVENCIÓN GRUPO U POR V.-

Sr. Bacorelle.- Non facía falta perder tanto tempo co tema do camping, non hai xustificación posible, a xestión do grupo de goberno foi lamentable, triste, pésima e tamén negligente aínda que supoñamos que a intención fose boa.

Eu fun impulsor de manifestar que non se pechara o camping o ano pasado e si soubese o que pasou este ano o impulsaría máis.

Sr. Bacorelle.- ¿Qué quere dicir o dos carteis: Concello de dous mares?

Sr. Alcalde.- Fíxose pensando en mar interior e exterior, dous espazos con auga para disfrutar, o mar e As Forcadas.

Sr. Bacorelle.- ¿Quen foi o interlocutor con FEVALDO? ¿Cobrouse 3000 euros por ocupar o espazo onde se facía o feirón?

Sr. Saavedra.- Os técnicos entenderon que o carácter da festa e conforme á ordenanza, estaba exenta de pago pero antes eu lles dixerá dunha cantidade por m2, que FEVALDO entendeu que era calculando todo o espazo que tiñan que ocupar, pero é unha Asociación municipal e non se lle pode cobrar, pero eles decidiron usar o espazo de máis abaixo.

Sr. Bacorelle.- Teño entendido que iso foi porque se lles comunicou tarde.

Sr. Ameneiros.- Pareceme importante que Valdoviño teña unha imaxe, un logotipo, é importe trasladar a calidade.

Sr. Alcalde.- Buscamos algo xa, contactamos cun diseñador e hai un proxecto, unha proposta (unha expresión con trazos modernos).

Sr. Vigo Lago.- Por alusións, quero recalcar que eu non tiven intención de pechar o camping, pero detectei que o camping non estaba nas condicións necesarias. Se pidiu unha auditoria que o corrobora e non fixen a prórroga da concesión.

INTERVENCIÓN GRUPO CENVAL.-

Sr. Beceiro.- Respecto á contratación de socorrismo repito o expresado polo Sr. Alcalde na última sesión plenaria e vexo que se continúa o servizo coa empresa MOVE. Ese favor á empresa incrementa o gasto. Vexo ben non deixar o servizo pero hai unha segunda parte, con custo para o concello porque a empresa non cumpriu a súa oferta.

/Sendo as dez horas e vinte minutos, despois de aviso á Presidencia o Sr. Ameneiros abandoa a sesión/.

Sr. Beceiro.- Hai protestas pola falta de limpeza de camiños.

Sr. Alcalde.- Non temos máis medios materiais e persoais.

Sr. Vigo.- Vin que con data 27.06.16 unha solicitude de desbrozadora do concello de Cerdido.

Sr. Alcalde.- Si, Prestamos das desbrozadoras vellas que temos na nave porque non as podemos usar cos tractores.

Sr. Beceiro.- Hai un problema grave de seguridade na estrada do Trece. Rogo se faiga un escrito ao organismo de que depende.

Sr. Beceiro.- Imos cansos de preguntar sobre a tramitación dos contratos diversos de mantemento, habera que poñer un prazo.

Sr. Beceiro.- ¿Vanse asfaltar as pistas da parcelaria?

Sr. Alcalde.- Hai axuda do Medio Rural soio para pistas vinculadas a explotacións agrícolas.

Sr. Beceiro.- ¿Fíxose o pagamento do do Porto do Cabo?

Sr. Alcalde.- Si, menos os intereses.

Sr. Beceiro.- ¿Qué subvención vai para Pantín?

Sr. Alcalde.- A asociación nos cedía todo se buscamos un centro, comentamos a Turismo e a Deporte, á Deputación, a Patrimonio e todos coincidían no sitio para un Museo de Surf en Valdoviño. Procuramos a posibilidade económica e o lugar, un centro neuralxico en Valdoviño en zona urbana e consideramos a zona de usos múltiples, na Casa de Cultura. Saíron as axudas de Acción Costeira e cursamos solicitude.

Sr. Beceiro.- ¿Traballouse no do fraccionamento dos impostos?

Sr. Alcalde.- Non.

Sr. Beceiro.- Pido para o vindeiro pleno o informe sobor do camping.

Sr. Beceiro.- Xustifico o meu voto en contra no punto 3 da Orde do Día desta sesión, pola inactividade do goberno municipal neste mandato.

Sr. Beceiro.- Reitero a limpeza do camiño real en San Miguel.

Sr. Beceiro.- Pido se faiga informe sobre a necesidade da reparación de pistas.

Sr. Alcalde.- Vaise facer.

Sr. Beceiro.- Pido se ordene ao propietario do edificio do Siroco que actúe dalgunha maneira, como tapiar o edificio.

Sr. Beceiro.- ¿Avanzouse co Plan Xeral de Ordenación Municipal? ¿Cal é a postura do grupo de goberno?

Sr. Alcalde.- A empresa está traballando nas propostas. A postura é a ampliación de núcleos rurais todo o que permita a Lei e procurar que o medramento no urbán non xenere que haxa liñais pechados.

Sr. Beceiro.- Chegaran a acordo de mandar escrito á Xunta para inversión para Valdoviño dun Centro de Día. ¿Mandouse?

Sr. Alcalde.- Expuxose a posible ubicación, estase valorando un espazo municipal: o antigo mercado, pero non coma centro de día, senón coma espazo socio-comunitario; porque van habilitar axudas para Centros socio-comunitarios que ofrece servizos como Centro de Día, pero limitados á zona onde están ubicados.

Sr. Beceiro.- Pido reunións de comisións para diversos temas.

Sr. Beceiro.- ¿Para cando se programou a camiñata de San André?, porque a última semá de setembro coincide con San Miguel.

Sra. Sabin Fernández.- Buscamos data para que non coincidise, farase para o vinte e catro de setembro.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP.-

Sr. Vigo Lago.-¿Qué incidencias houbo no Baleo e en Villarube? Pregunto despois de ver un escrito que remitiu a Consellería de Sanidade.

Sr. Alcalde.- Había algas. Falei coa Consellería e lle dixen que nós non podemos facer a recollida.

Sr. Vigo Lago.- ¿A qué corresponde un escrito remitido polo Concello que fai referencia a un sinistro?

Sr. Alcalde.- Entrou auga na Casa do Concello e comunicamos o sinistro ao seguro para que se fixese cargo.

Sr. Vigo Lago.- Respecto a un decreto de liquidación de prórroga do camping de sete mil catrocentos e pico de euros, ¿cobrouse?

Sr. Alcalde.- Creo que non.

Sr. Vigo Lago.- Transmitiume un veciño un problema pola abella velutina.

Sr. Vega Fernández.- O sei, temos moitos casos e non damos feito, levamos 117 este ano.

Sr. Alcalde.- Supón un tema de seguridade e temos que dar as grazas a protección civil que traballan arreo. O Concello facilitoulles medios e traxes para protexelos, porque a Xunta non nos deu facilidades en gasto.

Sr. Vega.- Temos dous ou tres casos cada día e estamolos atendendo todos.

O Sr. Alcalde informa de que fixo dúas solicitudes de consultas coa Consellería respecto ao saneamento de Meirás pero que non sabe nada.

Sr. García Alonso.- ¿Cal vai a ser a próxima actuación no camping?

Sr. Alcalde.- Facer bando ordeando deixar libre o espazo do que se procedu ao peche e advertindo de que se van a impoñer multas.

Sr. García Alonso.- Falouse de facer reunións para tratar o da Lagoa da Frouxeira e non se fixeron.

Sr. Alcalde.- Na prensa apareceu que había problema coa Lagoa porque ten pouca auga, cando non hai problema. A través de axudas para zonas en Rede Natura realizouse proposta consensuada coa Xunta para facer unha senda, aos efectos de perservar o entorno da Lagoa.

Sr. García Alonso.- A pista deportiva de Sequeiro está moi deteriorada.

Sr. Alcalde.- Non é pista municipal.

Sen máis intervencións, e sendo as vinte tres horas e trinta minutos, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, da que coma Secretaria, estendo esta acta e CERTIFICO.

A Secretaria,

O Alcalde,